




FERVENZAS DO CONSO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Vilariño de Conso-Pradoalvar: 20 km

Dificultade: baixa

Duración: 3 horas



O río Conso, chamado Cerveira na súa cabeceira, nace no Sextil Branco (Serra de Queixa) e baixa entre os Montes do Invernadeiro e os os montes da Pioreta e a Culadiña, cambiando bruscamente de dirección cara ao norte para xuntarse co Bibeí no encoro do Bao, entre Viana do Bolo e Vilariño de Conso. O principal afluente é o Cenza. No primeiro tramo do seu curso salva un gran desnivel e recibe numerosos regos que caen da gran altura dos montes do Invernadeiro.

A Ruta pode facerse desde Vilariño de Conso ou desde A Gudiña, achegándose ao encoro das Portas e seguindo o río ata Pradoalvar.

1-Corga do Reboredo-Gorbias

En Entrecinsa, na parroquia de Sabuguido (Vilariño de Conso).

Na corga do Reboredo Gorbias que desemboca no Conso. É un salto en lousas de aproximadamente 20 m de altura.

COMO CHEGAR:

Vese desde o inicio da estrada que vai a Pradoalvar.

2-Corga da Louseira

En San Mamede de Edradas (Vilariño de Conso). O rego cae en varios saltos no encoro de Edradas.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai a Pradoalvar, vese desde a estrada á outra beira do encoro.



Corga do Reboredo-Gorbias



Corga da Louseira



3-Corga de Suafraga

En San Mamede de Edradas (Vilariño de Conso), preto das casas.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai a Pradoalvar cóllese o desvío a San Mamede de Edradas (1,5 km) e ao cruzar o rego vese a ferverza.

4-Corga do Val do Cenza

En Pradoalvar (Vilariño de Conso)

COMO CHEGAR:


Na estrada que vai a Pradoalvar vese á esquerda, un pouco antes de chegar a Pradoalvar.

5-Pradoalvar

No río Cerveira ou Conso.

COMO CHEGAR:

Atópase á saída de Pradoalvar no comezo da ruta que vai á ponte romana e ao castelo de Cerveira.



Corga da Suafraga



Pradoalvar



Corga do Val do Cenza